

GRUPO MUNICIPAL



LUÍS REI NÚÑEZ, Portavoz do Grupo Municipal Marea Pontevedra, presenta diante do Rexistro do Pleno as preguntas que se formulan tras a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello ten por costume asinar coa empresa “Plazas y Toros” un *Contrato de cesión de uso sobre a utilización da Praza de Touros para espectáculos non taurinos*, de vixencia anual, e para o que o Orzamento Municipal de 2016 reserva 48.000 euros, a mesma cantidade que se vén aboando os últimos anos. En virtude dese contrato, o Concello págalle á empresa ese diñeiro e adquire estoutros compromisos igualmente moi vantaxosos para a empresa:

- Correr co importe dos gastos orixinados pola organización dos actos,
- Satisfacer todos os impostos, arbitrios, taxas, contribucións e tributos que graven eses actos (en particular, o canon á Sociedade Xeral de Autores de España e o IVE),
- Entregar á empresa as localidades do Palco (30, destinadas a invitacións para “atencións persoais”),
- Ceder a explotación do servizo de bares e bebidas dos espectáculos que organice o concello, que será por conta, a cargo e beneficio da propiedade da praza.

A empresa, ademais, resérvase o dereito a bloquear, por dereito exclusivo e preferente, as datas da primeira quincena de agosto nas que organiza as corridas de touros da Feira da Peregrina.

Pola súa banda, o concello obtén, se así o solicita, a cesión da praza para actividades nas festividades que estime oportunas. Dado que o ano 2015 rematou e xa se pode dispoñer de datos exactos, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra presenta as seguintes

PREGUNTAS:

(para as que se pide resposta por escrito, ao abeiro do artigo 122, 1) do Regulamento do Pleno e as súas Comisións)

1. ¿Cantos días de 2015 fixo uso o Concello do seu dereito a dispoñer da praza de touros de San Roque?
2. ¿Cales foron os eventos organizados nese recinto polo Concello?

3. ¿Solicitou o Concello orzamentos a empresas especializadas na montaxe de recintos para acoller espectáculos públicos?
4. ¿Pode presentar o Concello copia deses orzamentos? Se non é así, ¿de onde saíu a afirmación do señor Cesáreo Mosquera, no pleno ordinario de xullo de 2015, de que “montar e desmontar unha estrutura metálica por un día anda polos 150.000 ou 200.000 euros”?

Pontevedra, 3 de febreiro de 2016

O Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

LUÍS REI NÚÑEZ